

As persoas maiores que ingresan nunha residencia, o fan para vivir nela e esperan dos seus profesionais unha atención integral ás súas necesidades. Para que isto sexa posible, parece demostrado que o mellor medio é o traballo en equipo no que se contemplan distintas disciplinas.

É, precisamente, nese cometido de atención e apoio no conxunto da persoa maior e da súa familia, na que se converte en figura imprescindible a do profesional da psicoloxía. Sen ela non se pode falar de que se atende de forma completa á persoa.

A súa actuación enmarcaríase dentro do departamento social, e o seu traballo enlazaría e sería á vez unha ponte entre o que fan os distintos profesionais.



Colexio Oficial
de Psicólogos
de Galicia

Sección de Psicoloxía
da Intervención Social

Rúa da Espiñeira, 10, baixo
15706 Santiago de Compostela

Tel.: 981 53 40 49

Fax: 981 53 49 83

copgalicia@correo.cop.es

www.copgalicia.es

**FUNCIÓNS DO
PROFESIONAL
DA PSICOLOXÍA
nos servizos
a persoas maiores**

AMBITOS DE ACTUACIÓN

1. Actuacións cos residentes

Funcións de avaliación e diagnóstico

A) Obxectivos:

- Obter información sobre o seu funcionamento cognitivo e afectivo.
- Coñecer as posibilidades de adaptación e integración na dinámica do centro.
- Elaboración da historia psicolóxica e o diagnóstico inicial.
- Recoller información do propio equipo interdisciplinar e doutros profesionais.

B) Habilidades:

- Valoración cognitiva das funcións superiores.
- Valoración afectiva: personalidade, estado emocional, autoestima, motivacións,..
- Valoración psicopatolóxica: trastornos específicos.
- Elaboración de informes.

Funcións de planificación, coordinación e posta en marcha de programas integrais de intervención

A) Obxectivos:

- Incrementar o benestar e a máxima autonomía.
- Manter e/ou incrementar as capacidades conservadas.
- Intentar frear o deterioro global.
- Paliar os síntomas que presenten.
- Restablecer, estimular e manter as funcións cognitivas e afectivas.
- Fomentar as motivacións e intereses dende unha actitude participativa.
- Facilitar as relacións interpersoais.

B) Habilidades:

- Establecemento de obxectivos de intervención terapéutica.
- Elaboración e planificación dos programas de intervención.
- Programación e dinamización de diversos programas: Grupos de psicoestimulación, habilidades comunicacionais, revisión autobiográfica, etc.
- Apoio e atención psicolóxica individualizada.
- Intervención en conflitos persoais e de grupo.
- Asistencia psicolóxica ante a propia morte e a dos seres queridos.

2. Actuacións coas familias

Funcións de intervención

A) Obxectivos:

- Acompañar no proceso de institucionalización.
- Favorecer o benestar psicosocial do cuidador familiar.
- Favorecer a adaptación ó cambio no sistema familiar.

B) Habilidades:

- Ofrecerlle unha comunicación clara sobre o estado do residente, as normas do centro, as actividades programadas, etc.
- Mediación en situacións de conflito familiar.
- Orientación e asesoramento sobre alteracións conductuais e emocionais do residente, e pautas de actuación.
- Dar soporte emocional ás familias mediante os grupos de autoapoio.
- Vincularlos e facelos partícipes nas actividades do centro.

OUTRAS FUNCIÓNS

- Asesoramento e consultoría: a outros profesionais, así como apoio a dirección respecto á implantación e coordinación de programas e servizos.
- Soporte ao equipo interdisciplinar: favorecendo o bo clima laboral e paliar o efecto burn out.
- Dinamización comunitaria: do tecido social do centro e da comunidade veciñal no que está emprazado.
- Formación e docencia: tanto a nivel interno (sesións formativas), como externo (asistencia a congresos, seminarios, etc.).
- Investigación e divulgación: valoración periódica de programas e divulgación das experiencias profesionais en distintos foros.

